

Estimadas/os compañeiras/os:

Como Director da Escola Federativa Galega de Judo e DD. AA. pónome en contacto unha vez máis con todas e con todos para informádevos dunha nova **convocatoria de exames técnicos de cinto negro de Judo, Jiu Jitsu e Defensa Persoal.**



JUDO  
Federación Galega



JUDO - JIU JITSU - DEFENSA PERSOAL

PASE DE GRADO  
FEDERATIVO  
2026

DOMINGO  
16 agosto  
10H00

A CORUÑA  
COLEGIO  
LICEO LA PAZ



Vº Bº:



**TEXTO:**

Para debido coñecemento e difusión de todos os interesados remítese información referente a:

## CONVOCATORIA EXAME TÉCNICO DE CINTO NEGRO DE JUDO E D.A.

- Ábrese o prazo de inscrición para todos os exames de cinto negro que se celebrarán no ano 2025 -  
JUDO: De 1º a 6º DAN - JIU JITSU: De 1º a 4º DAN – DEFENSA PERSOAL 1º a 4º DAN

- EXAME FEDERATIVO - OU - EXAME CLUB -  
(O/a Candidato/a soamente poderá optar por unha delas na mesma tempada)

### CONDICIÓNS XERAIS


#### DOCUMENTACIÓN XERAL:

**Deberá enviarse a esta Federación Galega** cumprindo o prazo de inscrición. No caso de que non se reciba no prazo fixado ou falte algún requisito, o/a candidato/a, non poderá examinarse.

**INSCRICIÓNS:** Completar a solicitude na seguinte ligazón:

#### [SOLICITUDE DE ADMISIÓN A EXAME DE PASE DE GRADO 2026](#)

Unha vez cuberta deberá enviarse xunto a toda a documentación e xunto ao xustificante de ingreso do importe correspondente a nome da:

	FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. - <a href="mailto:datos@fgjudo.com">datos@fgjudo.com</a> Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña) 15008 A CORUÑA
	Nº IBAN: ES33 2100 4831 9822 0000 8802

**Antes das 12:00h do día 12 de xuño de 2026 (este prazo é tanto para a convocatoria federativa como para a de club).**

**NOTA IMPORTANTE:** Lémbrese a todos os clubs que os candidatos deberán cumprir a normativa sobre a obrigatoriedade de estar en posesión das **licenzas federativas NACIONAIS**, segundo se especifica no cadro (Anexo III).

No caso de dúbida pódese solicitar directamente á **Real Federación Española de Judo y Deportes Asociados** un **CERTIFICADO PERSOAL DO CANDIDATO** sobre este particular.

## DOCUMENTACIÓN ANEXA

(ANEXO I)	MODELO SOLICITUDE CLUB E COTAS DE EXAME
(ANEXO II)	REQUISITOS DOS CANDIDATOS AO EXAME
(ANEXO III)	NORMATIVA LICENZAS FEDERATIVAS
(ANEXO IV)	REQUISITOS EXAMES VIA CLUB

## CONVOCATORIA OFICIAL FEDERATIVA PARA JUDO, JIU JITSU e DEFENSA PERSOAL

ORGANIZACIÓN:	ESCOLA FEDERATIVA GALEGA - F.G.JUDO.
DATA:	Domingo día 16 de agosto de 2026
HORARIO:	As 10H30 quencemento. Exames ás 11H00.
LUGAR:	CENTRO EDUCATIVO LICEO LA PAZ <a href="#">Rúa Sebastián Martínez Risco, 12, 15009 A Coruña</a>
TRIBUNAL:	Mestres Nacionais actualizados e designados pola Escola Federativa Galega.
PROGRAMA :	O publicado na web da <a href="http://www.fgjudoo.com">www.fgjudoo.com</a> na sección Escola Federativa Galega.

AO EXAME PRESENTARASE TORI E UKE CO:

D.N.I. E LICENZA FEDERATIVA 2025/26

## CONVOCATORIA DE CLUB SOAMENTE PARA JUDO

Cada **club**\* deberá enviar a solicitude á F.G.J. especificando os seguintes datos e cumprir a normativa:

1.- CUBRIR A FOLLA DE EXAME DE CLUB.

2.- SOLICITUDE, DOCUMENTACIÓN E ABONO DA COTA DOS CANDIDATOS NO PRAZO FIXADO PARA TODALAS VÍAS.

(Requisito imprescindible para a concesión do mesmo)

**\*O club deberá cumprir os seguintes requisitos reflectidos no anexo IV.**

AO EXAME PRESENTARASE TORI E UKE CO:

D.N.I. E LICENZA FEDERATIVA 2025/26

**(ANEXO I) SOLICITUDE PARA MODALIDADE VÍA CLUB E COTAS DE EXAME**

**DATOS CLUB SOLICITANTE E PROPOSTA DE REALIZACIÓN**

<b>NOME CLUB:</b>	
<b>MESTRE TITULAR:</b>	
<b>ORGANIZACIÓN:</b>	ESCOLA FEDERATIVA GALEGA - F.G.JUDO D.A.
<b>DATA DE REALIZACIÓN:</b>	
<b>LUGAR:</b>	
<b>HORARIO:</b>	
<b>TRIBUNAL 1 PROPOSTO:</b>	1.-
	2.-
	3.-
<b>TRIBUNAL 2 PROPOSTO:</b>	1.-
	2.-
	3.-
<b>TRIBUNAL 3 PROPOSTO:</b>	1.-
	2.-
	3.-
<b>PROGRAMA:</b>	ESCOLA FEDERATIVA GALEGA.

## COTAS XERAIS EXAMES TODOLOS DEPORTES E VÍAS

Candidato a:	Dereitos e Tribunal Exame F.G.J Tramitación de expediente	Diploma Nacional RFEJYDA	Total EXAME
1º DAN	115,00 €	58,08 €	173,08 €
2º DAN	120,00 €	92,60 €	212,60 €
3º DAN	130,00 €	120,22 €	250,22 €
4º DAN	140,00 €	182,71 €	322,71 €
5º DAN	150,00 €	254,14 €	400,14 €
6º DAN	170,00 €	363,50 €	533,50 €

## (ANEXO II) REQUISITOS CANDIDATOS A EXAME

### REQUISITOS XERAIS

1. Fotocopia DNI
2. **Orixinal do carné cos selos de graos até MARRÓN da RFEJYDA para 1º DAN ou COPIA NOVO CARNÉ DE KYU MARRÓN** con mínimo 2 anos de permanencia. Copia cinto negro (diploma ou carné) para o resto.
3. 1 Foto dixitalizada tamaño carné actualizada.
4. FICHA XERAL DE DATOS (Achégase modelo).
5. AUTORIZACIÓN PATERNA os menores de idade (Achégase modelo).
6. FOLLA DE CONSENTIMIENTO os maiores de idade (Achégase modelo).

### ADEMAIS PARA 1º DAN

- 1.- 15 anos cumpridos na data do exame.
- 2.- Estar en posesión de 3 licenzas federativas nacionais consecutivas ou 5 alternativas, incluídas en ámbolos dous casos a da tempada actual.
- 3.- Pertencer a un club homologado na FGJUDO e na RFEJYDA no ano en curso.
- 4.- O mestre co presenta a exame deberá estar colexiado na FGJUDO e na RFEJYDA no ano en curso.
- 5.- Enviar a documentación completa á FGJUDO previo ao cumprimento da data límite de inscrición.

### ADEMAIS PARA 2º,3º, 4º, 5º e 6º DAN

- 1.- Cumprir o tempo de permanencia e a idade regulamentaria na data do exame.
- 2.- Estar en posesión das licenzas federativas segundo a normativa recollida no anexo IV
- 3.- Pertencer a un club homologado na FGJUDO e na RFEJYDA no ano en curso.
- 4.- O mestre co presenta a exame deberá estar colexiado na FGJUDO e na RFEJYDA no ano en curso.
- 5.- Enviar a documentación completa á FGJUDO previo ao cumprimento da data límite de inscrición.

## (ANEXO III) NORMATIVA LICENZAS RFEJYDA

### - EXAME TÉCNICO: (JUDO 1º a 6º DAN - JIU JITSU 1º a 4º DAN – DEFENSA PERSOAL 1º a 4º DAN)

De acordo coa normativa RFEJEDA participase que para a obtención dos Danes expedidos pola Escola Federativa, os aspirantes deberán posuír as seguintes **Licenzas nacionais** e cumprir os seguintes **tempos de permanencia**.

### LICENZAS

	VÍA COMPETICIÓN	VÍA TÉCNICA
<b>De Marrón a 1º DAN</b>	Tres derradeiras licenzas consecutivas ou cinco alternas	
<b>De 1º a 2º DAN</b>	Dúas licenzas de 1º DAN	Tres licenzas de 1º DAN
<b>De 2º a 3º DAN</b>	Tres licenzas de 2º DAN	Catro licenzas de 2º DAN
<b>De 3º a 4º DAN</b>	Catro licenzas de 3º DAN	Cinco licenzas de 3º DAN
<b>De 4º a 5º DAN</b>	Cinco licenzas de 4º DAN	Seis licenzas de 4º DAN
<b>De 5º a 6º DAN</b>	Seis licenzas de 5º DAN	Sete licenzas de 5º DAN

**NESTE CÓMPUTO DEBERÁ ESTAR INCLUÍDA A LICENZA CORRESPONDENTE AO ANO DO EXAME**

### TEMPOS DE PERMANENCIA

	VÍA COMPETICIÓN	VÍA TÉCNICA
<b>De Marrón a 1º DAN</b>	Un ano de cinto MARRÓN.	Dous anos de cinto MARRÓN.
<b>De 1º a 2º DAN</b>	Dous anos de cinto negro 1º DAN.	Tres anos de cinto negro 1º DAN.
<b>De 2º a 3º DAN</b>	Tres anos de cinto negro 2º DAN.	Catro anos de cinto negro 2º DAN.
<b>De 3º a 4º DAN</b>	Catro anos de cinto negro 3º DAN.	Cinco anos de cinto negro 3º DAN.
<b>De 4º a 5º DAN</b>	Cinco anos de cinto negro 4º DAN.	Seis anos de cinto negro 4º DAN.
<b>De 5º a 6º DAN</b>	Seis anos de cinto negro 5º DAN.	Sete anos de cinto negro 5º DAN.

## (ANEXO IV) REQUISITOS EXAME CINTURÓN NEGRO VÍA CLUB

### PODERÁ SOLICITAR ESTE EXAME

- 1.- Un mestre titular que deberá estar colexiado nun club dado de alta na FGJUDO e na RFEJEDA no ano en curso.
- 2.- A solicitude deberá presentarse por escrito no mesmo prazo que a vía federativa.
- 3.- Deberá ter un mínimo de 10 candidatos ao exame (do mesmo ou doutros clubs).
- 4.- Hasta 3º Dan sempre que os tres membros do tribunal cumpran o requisito de superar nun dan o candidato. Para 6º Dan, únicamente vía federativa.
- 5.- Sempre que se realice nu espazo amplo, como un pavillón ou outro similar que realce a categoría do acto.
- 6.- Sempre cando as mesas do tribunal estean formadas por un mínimo de 3 Mestres colexiados pola Escola Federativa Galega.
- 7.- Aos exames asistirá o director da Escola Federativa ou persoa na que delegue para comprobar o cumprimento de tódolos requisitos esixidos.
- 8.- Tódolos gastos que orixine a realización deste exame serán por conta do club solicitante.
- 9.- A uniformidade dos candidatos e dos membros do tribunal será obrigatoriamente o judogui de cor branco.
- 10.- Calquera aspecto o dúbida non recollido nesta normativa será resolto polo criterio de Escola Federativa

### XESTIÓN EXAMES VIA CLUB

A federación enviará os **modelos de exame e a acta** para cubrir polo responsable da solicitude uns días antes da data fixada. Este documento deberá encherse na súa totalidade cos candidatos que resulten APTO, NON APTO ou NON PRESENTADO, asinarse e remitirse á federación por correo electrónico no **prazo máximo dunha semana posterior á data de celebración**. Acompañarase o envío de varias fotografías representativas (tribunais, instalación, grupo,...).

**Os orixinaís dos exames asinados polo presidente de cada mesa, tal e como se indica no modelo, faranse chegar (correo postal ou presencialmente) á federación na semana seguinte á celebración dos mesmos, xunto co documento de tratamento de datos (maiores/menores de idade) de cada un dos candidatos.**

**(\*) VÍA COMPETICIÓN:** *poderán presentarse por esta vía aqueles candidatos que cumpran a normativa en vigor, publicada no apartado da ESCOLA FEDERATIVA da páxina web da FGJUDODA, que lles permite reducir nun ano a permanencia no grao. Quen non cumpra as condicións que se especifican no documento, irá vía técnica e deberán esperar un ano máis. No mesmo apartado da páxina web están publicados os programas correspondentes a cada unha das vías para debido coñecemento de todos os interesados.*

#### (\*) SOLICITUDE DE PUNTOS

DESCARGAR DA WEB FORMULARIO DE SOLICITUDE DE PUNTOS NA SECCIÓN DE DOCUMENTACIÓN ENVIAR A: [datos@fgjudo.com](mailto:datos@fgjudo.com)

**Aqueles deportistas pertencentes a outras Federacións autonómicas deberán enviar a documentación xunto co preceptivo visto bo do presidente para poder ser inscritos.**



**ASDO. EDUARDO GALÁN PALLA**

Vicepresidente 1º Federación Galega de Judo  
Director Escola Federativa FGJUDO